



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O PROXECTO DE RESTAURACIÓN DEL RETABLO CENTRAL DE SANTA MARÍA DE NEBRA, PORTO DO SON, A CORUÑA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Arcebispado de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Arcebispado de Santiago, para a restauración do retablo central de Santa María de Nebra, Porto do Son, A Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade pública instrumental da Comunidade Autónoma de Galicia á que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo, programa 761A.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos. No exercicio das súas funcións correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e





programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- O Arcebispado de Santiago de Compostela esta interesado en poñer en valor o seu patrimonio e compartilo coa cidadanía. Así mesmo, é o titular das igrexas cuxa apertura ás persoas peregrinas é necesaria para a divulgación do patrimonio vinculado ao Camiño de Santiago.

Terceiro.- O retablo central de Santa María de Nebra atópase en mal estado de conservación. A alteración máis notable é o repinte e a falta de adhesión da policromía ao soporte. Este estado fai altamente recomendable un proceso de restauración e conservación levado a cabo por especialistas que deteña o avance das alteracións e que recupere o seu antigo esplendor.

Cómpre por tanto executar as actuacións precisas para a súa restauración: limpeza superficial, fixación puntual da capa pictórica, eliminación de sales solubles mediante papetas, eliminación de sales solubles mediante papetas, eliminación de repinte, limpeza físico-química, estucado e reintegración cromática.

Cuarto.- O Plan Estratéxico do Turismo de Galicia elabórase co propósito de consolidar un destino competitivo, cun gran valor estratéxico na economía galega.

Entre as liñas estratéxicas se recolle a potenciación dos valores diferenciadores e a súa potenciación, e nela establécese que o patrimonio material e inmaterial, a nosa cultura e o termalismo son recursos e valores que nos diferencian e vertebran unha experiencia turística propia e singular.

Quinto.- A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada no apoio ao Camiño de Santiago e na divulgación do patrimonio vinculado ao mesmo, coa restauración de elementos de igrexas, como bens culturais que son, de xeito que se contribúa á posta en valor de cara á celebración do Ano Santo Xacobeo, o que incide na promoción e potenciación do Turismo en Galicia.

Que a través deste convenio, outórgase ao Arcebispado de Santiago de Compostela unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO
Turismo de Galicia



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José de la Iglesia Lema

